

PROGRAMACIÓN RELIXIÓN CATÓLICA

IES VAL DO TEA

CURSO 2022/2023

XEFA DE DEÀRTAMENTO

Mª Encarnación Domínguez López

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.- PROGRAMACIÓN 2º ESO

A. Contribución da relixión ao logro das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	6
B. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	8
C. Concreción para cada est.ándar de aprendizaxe avaliável de: Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, precedementos e instrumentos de avaliación.....	9
D. Organización e secuenciación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis en relación coas distintas unidades da programación.....	10
E. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	14
F. Materiais e recursos didácticos.....	18
G. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	19
H. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a practica docente.....	19
I. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.....	22
K. Organización dos procedementos que lle permitan ao alum.ado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	22
L. Medidas de atención á diversidade.....	23
M. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.....	24
N. Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	26
Ñ. <i>Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....</i>	26

3.- PROGRAMACIÓN 4º ESO

A. Contribución da relixión ao logro das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	29
B. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	31
C. Concreción para cada est.ándar de aprendizaxe avaliável de: Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, precedementos e instrumentos de avaliación.....	32
D. Organización e secuenciación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis en relación coas distintas unidades da programación.....	35
E. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	38
F. Materiais e recursos didácticos.....	43
G. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	43
H. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a practica docente.....	44
I. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.....	47
K. Organización dos procedementos que lle permitan ao alum.ado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	47
L. Medidas de atención á diversidade.....	48
M. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.....	49
N. Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	50

<i>Ñ. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....</i>	<i>51</i>
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------

4.- PROGRAMACIÓN 2ºBACHARELATO

A. Contribución da relixión ao logro das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....	53
B. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.....	55
C. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de: Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, precedementos e instrumentos de avaliación.....	55
D. Organización e secuenciación dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación coas distintas unidades da programación.....	58
E. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	61
F. Materiais e recursos didácticos.....	66
G. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	66
H. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	67
I. Organización das actividades de seguimento, de recuperación e de avaliación das materias pendentes.....	69
K. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	70
L. Medidas de atención á diversidade.....	71
M. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.....	72
N. Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	73
<i>Ñ. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....</i>	<i>73</i>

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Val do Tea está situado no núcleo urbano da Vila de Ponteareas. Ten adscripto o CEIP Fermín Bouza e o CEIP de Covelo e da vila de Mondariz en bacharelato. O nivel socioeconómico é medio e medio baixo. Están matriculados 505 alumnos e alumnas, repartidos na ESO e Bacharelato. No Bacharelato impártense as modalidades de Ciencias, Humanidades, Artes. Ademais tamén hai Escola Oficial de idiomas que imparte a súa ensinanza polas tardes e Educación para Adultos. Non se imparten Ciclos nin FPB.

A profesora é M^a Encarnación Domínguez López que comparte centro co CEIP Fermín Bouza Brey.

Número de alumnos/as e cursos nos que se imparte a materia:

CURSO	N.º ALUMNOS
1ºESO B/C	17
2ºESO A/PMAR	7
2º ESO B	29
3ºESO A/C	25
3ºESO B/C/PMAR	20
4ºESO A	18
4ºESO C/D	21
1ºBACH A	15
1ºBACH B	19
1º BACH C	13
1ºBACH D	1
2ºBACH A	4
2ºBACH B	13
2ºBACH C	9
2ºBACH D	15

PROGRAMACIÓN 2º ESO

**A.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DE ESTÁNDARES AVALIABLES DA
MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave coas súas siglas:

- 1ª) Comunicación lingüística (CL)
- 2) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CEC)

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA(CCL)

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe.

**COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E
TECNOLOXÍA (CMCCT).**

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

APRENDER A APRENDER (AA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

2ºESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Argumenta a dignidade do ser humano en relación a outros seres vivos.	CL,AA,CSC
Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.	CL,AA,SIEE
Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.	AA,CSC,CEC
Clasifica accións do ser humano que respectan e destrúen a creación.	CMCT,CSC,SIEE,CEC
Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	CL,AA,CEC
Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.	AA,SIEE,CEC
Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum en torno á interpretación da Biblia valorándoos como	CL,SIEE

necesarios.	
Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos libros sagrados amosando interese pola súa orixe divina.	CL,CEC
Coñece e describe as características do deus Cristián. Le relatos mitolóxicos, localiza riscos das divindades das relixións politeístas e os contrata coas características do Deus Cristián.	CL,CD,AA,CEC
Confecciona materiais nos que se expresan os momentos relebantes da historia salvífica e os relaciona coas verdades de fe formuladas no credo.	CD,SIEE
Clasifica as verdades de fe contidas no credo e explica o seu significado.	CL,AA
Localiza no mapa os lugares da orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	CL,CMCT,CD,AA
Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa	CD,SIEE,CEC

B.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

1. Investigar e valorar desde as competencias clave a relación que existe entre o ser humano, Deus e a relixión na historia e a vida cotiá.
2. Coñecer e interpretar correctamente as características da dignidade humana en relación coa achega da vida cristiá e a súa promoción na sociedade actual.
3. Tomar conciencia da importancia da acción humana e a moral católica para aplicala en grupo a solucionar problemas persoais e sociais.
4. Comprender e fundamentar correctamente a relación existente entre a revelación de Deus cos medios para relacionarse con El.
5. Describir a relación existente entre a revelación de Deus e a fe cristiá e argumentar as achegas positivas que leva consigo para a felicidade da persoa e a sociedade.
6. Coñecer e aplicar as claves necesarias para a interpretación correcta da Biblia e as súas mensaxes de felicidade, liberación e salvación.
7. Expresar e explicar as principais características do Deus cristián en relación coa fe cristiá e a comunicación humana.
8. Identificar e valorar as características, achegas actuais e relacións existentes entre a fe cristiá, o Credo e a fe na vida eterna.

9. Coñecer desde as competencias clave e tomar conciencia das características da Igrexa católica e as achegas relixiosas, solidarias, culturais e artísticas que realiza á humanidade.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio das competencias clave, a reflexión e interiorización das experiencias de autoconhecimento, sentido á vida, lecturas profundas e relixiosas, o silencio, a meditación e compartir en grupo as vivencias espirituais.
11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e vivencia dos sentimentos de espiritualidade, dignidade humana, empatía, escoitar, comunicación, recolemento e sociabilidade.
12. Tomar conciencia da importancia de desenvolver unha xerarquía de valores e de practicar os valores das dimensións humanas e do proxecto de vida, a liberdade, a fe cristiá, a amizade, a identidade persoal, cambiar e a solidariedade.

C.- ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APREDIZAXE AVALIABLES EN RELACIÓN COAS DISTINTAS UNIDADES DA PROGRAMACIÓN.

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2 e 3
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I. O sentido relixioso do home		
<p>Unidade 1: A persoa é criatura de Deus.</p> <p>1. A orixe do ser humano 2. A persoa é un ser libre e intelixente 3. Todos temos os mesmos dereitos</p>	<p>1.1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais. 1.2. Relacionar a condición de criatura coa orixe divina. 1.3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus.</p>	<p>1.1.1. Argumenta a dignidade do ser humano en relación cos outros seres vivos. 1.2.1. Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano. 1.3.1. Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais etc.</p>
<p>Unidade 2: Somos artífices da Creación.</p> <p>1. Colaboradores de Deus na Creación 2. Coidando a «casa común»</p>	<p>1.4. Entender o sentido e a finalidade da acción humana.</p>	<p>1.4.1. Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. 1.4.2. Deseña, en pequeno grupo, un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.</p>

Bloque II. A Revelación: Deus intervén na historia		
Unidade 3: A fe axúdanos a coñecer os plans de Deus. 1. Deus revélase ao ser humano 2. Que plan ten Deus para nós? 3. As persoas responden a Deus coa fe	2.1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia. 2.2. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus.	2.1.1. Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles. 2.2.1. Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela.
SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 4 e 5
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque II. A Revelación: Deus intervén na historia		
Unidade 4: Deus fálanos na Biblia. 1. A Biblia é un libro moi especial 2. A Biblia é Palabra de Deus en linguaxe humana 3. A Biblia é moito máis que palabras	2.3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia. 2.4. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa ao redor da interpretación bíblica. 2.5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico.	2.3.1. Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sacros amosando interese pola súa orixe divina. 2.4.1. Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na <i>Dei Verbum</i> ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios. 2.5.1. Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos. 2.5.2. Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sacros do autor divino e do autor humano.

D.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DE :
a)TEMPORALIZACIÓN, b)GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E c)PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

4.0. Introducción

Neste apartado imos elaborar, para cada nivel desde 1º ESO ata 2º Bacharelato, unha táboa do seguinte xeito: Na primeira columna especificamos cada estándar de aprendizaxe (de agora en adiante EA e co seu código correspondente) dos xa referidos no perfil competencial.

Na segunda columna especificamos a avaliación ou avaliacións nas que se vai traballar ese EA marcando cun xis.

Na terceira columna indicamos o grao mínimo de consecución do EA necesario para superar a materia.

Nunha cuarta columna aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que imos empregar para avaliar ese EA.

Nos procedementos de avaliación recolleemos todos os métodos que fan posible constar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

Os métodos agrúpamolos en catro grandes bloques: técnicas de observación sistemática, análise de producións dos alumnos, intercambios orais e probas específicas. Estes métodos, á súa vez, poden ser: Cadernos de clase escritos ou dixitais, listas de control, rexistros anecdóticos, escalas de observación, investigacións, textos, producións orais, plásticas ou musicais ou doutra natureza, tarefas de aplicación e síntese, exposición dun tema, cuestionarios, etc. Nas táboas o símbolo en forma de máis indica o procedemento mentres que o asterisco indica o instrumento de avaliación.

Nos estándares sinalaremos co número 1 os que avaliaremos no caso de ensino presencial, cun 2 os de ensino semipresencial e cun 3 os de ensino a distancia.

2º ESO					
ESTÁNDARES	1ª AV	2º AV	3º AV	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS
Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos. 1,2,3	X		X	Coñece e explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas, a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos no ámbito escolar.	+Proc: Análise da produción dos alumnos. *Instr: Caderno de clase/ E-Dixgal.
Distingue e debate, de forma xustificada e respetuosa, a orixe do ser humano. 1	X	X		Distingue e debate a orixe do ser humano, de forma respetuosa e xustificada, dándolle pautas para facelo.	+Proc: Intercambios orais cos alumnos. *Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
Valora, en situacións do seu entorno, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc. 1,2,3	X	X		Valora, en situación do seu entorno escolar e familiar, a dignidade de todo ser humano, sendo capaz de separalo das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais e sociais.	+Proc: Probas específicas *Instr: Exposición de un tema.
Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. 1,2,3	X	X	X	Entende e explica de maneira guiada o sentido e a finalidade da acción humana.	+Proc: Cuestionario. *Instr: Cuestionarios.
Deseña en pequeno				Consegue interactuar e	+Proc: Análise da

grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan ao menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo. 1	X			deseñar con axuda, en pequeno grupo un plan para colaborar co centro no respecto á creación.	producción dos alumnos. * Instr: Investigación en Internet.
Busca e escolle personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza neles a resposta de fe. 1,2,3	X	X	X	Atopa, con axuda e de modo oral, personaxes significativos do pobo de Israel e pode identificar e analizar as súas respostas de fe.	+Proc:Análise da produción dos alumnos. * Instr:Traballo de explicación e síntese.
Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina. 1	X	X		Identifica, clasifica e compara, dándolle pautas para facelo, as características dos libros fundamentais da Biblia.	+Proc:Análise da produción dos alumnos. * Instr: Producción oral.
Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum en torno á interpretación da Biblia, valorándoos como necesarios. 1,2	X		X	Le, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum, en torno a interpretación da Biblia, e sabe valoralos como necesarios pero dándolle unha guía para facelo.	+Proc:Observación sistemática. *Instr:Rexistro da ausencia ou presenza dun determinado rasgo, conduta ou secuencia de accións.
Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos. 1	X	X		É quen de sinalar en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, pode xustificar no grupo esa selección de textos, dándolle unhas pautas, para facer esto último.	+Proc:Análise da produción dos alumnos. *Instr:Valoración dos resumos.
Cofece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e o autor humano. 1,2,3	X	X		Distingue por escrito de maneira sinxela entre autor divino e humano,	+Prod:Análise da produción dos alumnos. *Instr:Xogos de simulación e dramáticos.
Cofece e describe as características do Deus cristián. 1,2,3	X		X	Logra, con pequenas orientacións, identificar, clasificar e comparar as características do Deus	+Proc:Probas específicas. *Instr:Proba aberta na que o alumno ten que

				cristián.	construir as respostas.
Le relatos mitolóxicos, localiza rasgos das divinidades das relixions politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián. 1,2,3	X	X	X	Le de xeito impreciso os relatos mitolóxicos e atopa, por el mesmo, algún rasgo das divinidades das relixións politeístas	+Proc:Probas específicas. *Instr:Proba específica con preguntas moi concretas.
Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para acadar a súa identidade a semellanza de Deus. 1,2,3	X			Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para acadar a súa identidade a semellanza de Deus, só no ámbito escolar.	+Proc:Probas específicas. *Instr:Exposición dun tema.
Elabora materiais onde se expresan os momentos importantes da Historia da Salvación e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo. 1,2,3		X	X	Elabora materias simples nos que se expresan os momentos importantes da Historia da salvación e relaciona algúns deses momentos coas verdades de fe do Credo.	+Proc.Probas específicas. *Instr:Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnos
Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado. 1,2,3			X	Redacta, palabra a palabra, reflexionando, as verdades de fe contidas no Credo e non sabe explicar o seu significado.	+Proc:Análise da produción dos alumnos. *Instr:Valoración dos resumos.
Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiáns e describe as súas características. 1			X	Expresa, guiándolle, as características das primeiras comunidades cristiáns pero non sabe localizalas nun mapa nin describir a súa orixe.	+Proc:Análise da produción dos alumnos. *Instr:Xogos de simulación e dramáticos.
Reconstrúe o itinerario das viaxes de S. Paulo e explica coas súas palabras a difusión do Cristianismo no mundo pagano. 1,2			X	Reconstrúe con axuda, o itinerario das viaxes de S. Paulo e sabe explicar, guiándolle, a difusión de Cristianismo no mundo pagano.	+Proc:Probas específicas. *Instr:Proba aberta na que o alumno ten que construír as respostas.

E.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, cómpre optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOE e no Real decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria; nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagogía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións, son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e dos elementos que as compoñen: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación:

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o explicita o currículo:

«Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe.

A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica.

«Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá (problemas,

interrogantes, aspiracións, fracasos, necesidades, noticias...). Desde eles motívase o estudante, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

«Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc.

Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

- A) Experiencias de educación no sentido da vida.
 - B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.
 - C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.
 - D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.
 - E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.
5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinabilidade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinabilidade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.
 6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.
 7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado a ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas de forma que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.

8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou a alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é quen de desenvolver as súas competencias. Deles xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesor ou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.
9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía pechada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagogía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

Debemos darlle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).

- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantizará unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.
11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.
12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo: «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas un fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).
13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).
14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC: «Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da Relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que resulte útil para o estudante na busca de información ou na resolución de problemas considerados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender a dominar» (Currículo, 2015).

Adoptarase un enfoque plurimetodolóxico e globalizador para poder atender a diversidade do alumnado, seguindo os principios de actividade e participación, favorecendo o traballo individual e cooperativo e integrando en todas as actividades referencias á vida cotiá e aos intereses e motivacións do alumnado, fomentando todas as posibilidades de expresión(oral, escrita, gráfica...).

As actividades serán case na súa totalidade prácticas, Normalmente isto xa é así pero incrementaranse.

Priorizarase o traballo en equipo sempre que sexa posible. Debemos ter en conta que no ensino presencial temos que gardar unha determinada distancia e os traballos manipulativos teñen que ser individuais.

En canto aos traballos de investigación utilizando Internet no horario escolar, só se poderá facer cos cursos nos se utilice o EDIXGAI, é dicir todos os niveis da ESO . Para os bacharelatos poderíamos utilizar as aulas de informática pero este curso o centro conta con tres aulas con ordenadores pero só dúas teñen un número suficiente de ordenadores para poder levar ao alumnado de relixión e unha delas utilízase como aula de desdobre o que dificulta aínda máis a posibilidade de poder usar. Polo tanto, o traballo de investigación deberá realizarse na casa para posteriormente utilizalo na aula.

Tamén utilizaremos documentais como introdución, colofón ou ampliación de determinados temas.

O xogo tamén é importante para a aprendizaxe. Podemos utilizalo para saber os coñecementos previos do alumnado ou como actividade de avaliación.

Nalgúns temas realizaremos un debate como colofón.

Tamén durante o primeiro trimestre lembraremos ao alumnado como utilizar a Aula Virtual, sobre todo de segundo da ESO a segundo de bacharelato

F.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN EMPREGAR.

Disporemos de diversos materiais e múltiples recursos que posibilitarán a realización das actividades programadas, tanto individuais como en grupo.

Ofreceremos múltiples posibilidades para motivar aos nosos alumnos que teñen distintas afeccións e intereses.

De igual maneira, posibilitaremos diferentes maneiras de aprender. Tentaremos levar a cabo todo aquilo que aumente o gusto polo traballo e á vez, proporciónelle información ou material adecuado para a súa aprendizaxe.

Utilizaremos as TIC's que se han de potenciar de maneira axeitada. Por iso o Centro, debe pór a disposición da área de relixión o material oportuno, así como outros materiais que o profesor facilitará aos alumnos.

Para a realización das actividades é importante que os alumnos utilicen:

-EDIXGAL en todos os cursos de ESO..

- Aula Virtual nos bacharelatos..
- Biblia Didáctica da Ed. S. M.
- Libros de consulta.
- Diccionarios enciclopédicos.
- Diccionarios de relixións.
- Libros de lectura adecuada á súa idade.
- Revistas especializadas.
- Atlas histórico.
- Atlas xeográfico.
- Mapas temáticos.
- Mapas históricos e xeográficos.
- Cartafol educativo de Mans Unidas, Entreculturas, Redes, Cáritas.
- Proxección de vídeos e filmes.
- Análise de cancións e artigos de xornais e revistas.
- Uso de recursos web de interese en Internet

G.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de avaliación serán os mesmos tanto para a ESO coma para o Bacharelato. A cualificación **de cada avaliación** aterase ao seguinte baremo:

- 50% obterase do exame realizado ao final de cada trimestre. Será cuantificado sobre 10.
- 50% obterase dos traballos e as fichas entregadas pola profesora ao alumnado e realizadas na aula. Serán cuantificados sobre 10.

A media dos dous criterios será a nota de cada avaliación.
A nota final será a media das tres avaliacións.

Considerarase aprobada a materia cando a nota media sexa de 5 ou máis. Se a media é un 6, a cualificación será un Ben. Se a media é un 7 ou 8, a cualificación será un Notable. E finalmente, se a media é un 9 ou 10, a nota será un sobresaliente.

Se algún alumno/a non consegue aprobar a materia deberá realizar un exame de recuperación da avaliación que teña suspensa na segunda semana de xuño.

H.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DA ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE

A partir do traballo cos desempeños competenciais obteranse diversas evidencias de aprendizaxe, vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos portfolio de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo das distintas unidades didácticas, se planifique a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso. O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna. Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as

dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e polas alumnas.
- Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicarlos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

Os indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente serán o número de aprobados e suspensos da materia así como a comprensión dos conceptos, adquisición de destrezas e competencias clave, así como os indicadores do tratamento da diversidade no grupo, da planificación que da materia e as clases fai o profesor, da motivación do alumnado, do desenvolvemento do ensino e do seguimento desenvolvemento do ensino e do seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe mediante a autoavaliación de cada docente, explicitados en diferentes rúbricas e rexistros.

Indicadores de planificación:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

Indicadores de motivación do alumnado:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

Indicadores de desenvolvemento do ensino:

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Propón actividades grupais e individuais.

Indicadores de seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

Para revisar o desenvolvemento da programación fixándonos nos aspectos metodolóxicos, na idoneidade dos materiais e recursos e, loxicamente, en todo proceso de aprendizaxe, faremos un rexistro tal que a interpretación dos resultados e as modificacións necesarias (se as houbera), quedarán reflectidas nas actas da reunión de Departamento e na memoria final de curso nunha táboa como a seguinte:

Lenda: 1 – pouco/nunca 2 – poucas veces 3 – case sempre 4 – moito/sempre

PROXECTANDO				
1. A programación é clara				
2. Cumplíuse o programado para o trimestre				

3. É necesario alguna modificación na programación					
DESENVOLVEMENTO					
1. Introduzo cada novo exercicio e presento o plan de traballo explicando a súa finalidade					
2. Informo ao alumnado de cómo avalío cada exercicio					
3. Pido o material necesario para cada proposta con antelación suficiente					
AVALIACIÓN					
1. Os resultados axústanse á dinámica da clase					
2. O alumnado entende cómo avalío					
3. Flexibilizo os criterios de cualificación recollidos na programación					

I.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

1. Se un alumno ten pendente a relixión católica do curso anterior e segue cursándoa valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando no primeiro trimestre o grao mínimo a alcanzar nos estándares de aprendizaxe co rendemento no actual curso. Se o alumno non acadara o grao mínimo ao longo do curso poderá optar por realizar unha proba escrita no mes de maio.

2. No caso de que o alumno non siga cursando a materia, realizará na primeira avaliación unha proba, axeitada ao grao mínimo que debe acadar. Se non a supera terá á final de curso outra proba ou entrega de traballos relacionados con dita proba.

En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno/a e a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumnado.

K.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nesta materia non é precisa, en xeral, ningunha avaliación ao inicio de curso posto que o alumnado que elixe voluntariamente a materia acada ao rematar o curso escolar os estándares de aprendizaxe no seu grao mínimo e posúe as competencias precisas para o curso que se inicia.

Aínda así pode ser necesario, nalgún caso de alumnado que procede doutros centros ou da

Primaria, diagnosticar a situación de partida para detectar os casos nos que haxa que aplicar

medidas de atención á diversidade.

Nese caso realizarase unha proba específica a principio de curso, preferentemente na primeira

meira

semana de outubro, que consistirá en probas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. A proba terá un carácter informativo e non terá validez

para a avaliación e cualificación de final de curso.

Modelo de proba inicial para alumnos procedentes de Primaria ou susceptibles de medidas de atención á diversidade:

1. Di o nome das cinco relixións máis importantes que hai no mundo na actualidade.

2. Pon unha característica da vida de Nazaret que máis te chamou a atención cando cha contaron.

3. Achégase a ti un compañeiro con un papel que pon: Mt 1, 1-5. A el parécelle unha marca de roupa pero ti sabes que é unha cita da Biblia. Explícalle que significa eso. É dicir, como se busca unha cita na Biblia.

4. Dos sete sacramentos que son: Bautismo, Confirmación, Eucaristía, Perdón ou Penitencia, Unción de enfermos, Orden Sacerdotal e Matrimonio, escribe:

Os que coñezas por ter asistido nalgunha igrexa a algún deles. Os que ti tes recibido ou recibes actualmente.

Lembra o que tes estudado en cursos anteriores e contesta: **señal** que se utiliza en cada un deles (por exemplo, no bautismo se utiliza como signo, a auga) e o **significado de cada un** (por exemplo, o Orden Sacerdotal serve para que un rapaz poida ser sacerdote).

5. Escribe cinco liñas sobre a vida do santo, ou santa, ou personaxe famoso, cuxo nome coincide co teu.

L.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No ensino da relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

O alumnado de calquera das problemáticas deberá amosar un mínimo interese por acadar os estándares de aprendizaxe e poñer o esforzo do que sexa capaz así como unha actitude correcta fronte á materia, ao profesorado e aos compañeiros.

Máis concretamente, por experiencia de cursos anteriores, pódensenos presentar os seguintes casos:

1. Alumnado inmigrante con descoñecemento do idioma.
2. Alumnado co Síndrome de Asperger.
3. Alumnado con TDH.
4. Alumnado con síndromes do espectro autista.
5. Alumnado con dificultades de comprensión.
6. Alumnado con problemas de psicomotricidade.
7. Alumnado con dificultades de visión espacial.
8. Alumnado fortemente desmotivado ou fortemente motivado.
9. Alumnado con problemáticas emocionais.

Neses casos aplicaremos as seguintes medidas:

- * Facer sentar ao alumno no lugar máis axeitado da aula dacordo ás súas necesidades psicomotrices, auditivas, visuais ou de calquera outro tipo.
- * Adaptar os criterios de corrección.
- * Tutorizalo con algún outro alumno cuxas calidades sociais e destrezas o permitan.
- * Valorar e agradecer publicamente os seus acertos e minimizar os erros.
- * Atraer e manter a súa atención e motivación con frecuentes chamadas de atención.
- * Darlle máis tempo para realizar as tarefas.
- * Empregar Internet sempre que o alumno poida usar a rede para facer traducións, realizar actividades motivadoras e correctoras ou traballar en grupo.
- * Insistir na colaboración coa Titoría, co Departamento de Orientación e coa familia nos casos máis reincidentes e incontrolables.

Estas medidas son as que o Departamento toma con respecto ao alumnado con NEAE en circunstancias normais. Este curso prestaremos especial atención a este alumnado. Realizaremos una avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe cada mes de maneira individualizada. Isto permitirá detectar se a ensinaza está sendo a correcta e tomaranse medidas se se detecta que o alumnado non está adquirindo as competencias.

M.-CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Traballaremos neste curso os seguintes elementos transversais que son valores irrenunciáveis no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptándoos ás necesidades do alumnado, o desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

1.Comprensión Lectora e Expresión oral e escrita

- ✓ Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.
- ✓ escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor.

2. Comunicación Audiovisual

- ✓ Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- ✓ Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

3. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información

- ✓ Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.
- ✓ Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.
- ✓ Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

4. Emprendemento

- ✓ Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.
- ✓ Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.
- ✓ Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

5. Educación cívica

- ✓ Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.
- ✓ Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.
- ✓ Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.
- ✓ Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.
- ✓ Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

6. Prevención de violencia

- ✓ Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- ✓ Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- ✓ Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- ✓ Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

N. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En primeiro e segundo da ESO realízase unha saída extraescolar á cidade de Ourense, cunha visita á catedral, casco histórico, termas e outros lugares que puideran xurdir.
Ademais realizaremos saídas pola contorna para visitar igrexias, hermidas, exposicións...

Ñ.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE EVALUACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Para a recollida de información e análise de datos propoñemos o modelo de rúbrica seguinte.

AVALIACIÓN: 1ª / 2ª / ORDINARIA XUÑO											
	Curso anterior			Curso actual			Observación sobre o alumnado suspenso	1	2	3	4
	Nº al	% Aprb	% sus	Nº AL	% Apro	% sus					
Resultados							Escoita con atención as explicacións e orientacións				
							Amosa dificultades de comprensión				
	Comentarios:						Amosa dificultades de psicomotricidade fina				
							Trae o material				
							Realiza os exercicios na clase				
							É autor/a dos traballos que presenta				
							Pregunta cando non entende				
							Fala a destempo e molesta aos compañeiros/as				
1: Nunca; 2: Poucas veces; 3: Con frecuencia; 4: Sempre											
Análise da programación	Elemento						Cúmrese	Motivo polo que non se cumpriu			
							Si				
	Contidos										
Metodoloxía											

	Recursos e materiais			
	Instrumentos de avaliación			
	Criterios de avaliación			
Modificacións	Elemento	Replanteamento		
	Contidos			
	Metodoloxía			
	Recursos e materiais			
	Instrumentos de avaliación			
	Criterios de avaliación			

PROGRAMACIÓN 4º ESO

**A.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DE ESTÁNDARES AVALIABLES DA
MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave coas súas siglas:

- 1ª) Comunicación lingüística (CL)
- 2) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CEC)

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA(CCL)

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

APRENDER A APRENDER (AA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
Identifica e clasifica os trazos principais(ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. Busca información sobre as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	CL,CD,CEC,AA
Localiza, selecciona e argumenta nos textos evanxélicos a chamada de Xesús.	CL,AA
Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece en elas a verdade. Recoñece e e valora na Igrexa as distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.	CL,SIEE,CEC,AA,CSC
Razona por que a rebelación é a plenitude da experiencia relixiosa. Analiza e debate as principais diferenzas entre a rebelación de Deus e as relixións.	CL,CSC,SIEE,CEC,AA
Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. Toma conciencia e agradece os momentos	AA,SIEE,CEC

da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.	
Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufrinte e o Mesías político.	AA,CEC,CL
Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expoñen en grupo por que continúan a misión de Xesús	CL,CSC,SIEE
Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha maneira nova de usar a razón e a liberdade e de expresar afectividade. Adquire hábito de reflexionar buscando o benante as eleccións que se lle ofrecen.	CL,AA,SIEE,CEC,CSC
Investiga e debate sobre iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.	CL,CD,CSC,SIEE,CEC

B.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

1. Identificar e comparar criticamente desde as competencias clave as características das relixións universais na historia e a vida cotiá.
2. Coñecer e valorar correctamente as características e achegas da experiencia relixiosa e a revelación de Deus á persoa e á sociedade actual.
3. Investigar e aplicar as ensinanzas e a relación entre Deus e a historia da Igrexa desde a Idade Moderna ata a Idade Contemporánea.
4. Fundamentar correctamente a relación existente entre Xesucristo, o Mesías, e a moral católica da vida pública no mundo contemporáneo.
5. Coñecer e valorar positivamente a relación existente entre Xesucristo, a Igrexa e a súa misión salvadora e humanizadora de felicidade para a persoa e a sociedade.
6. Comprender e aplicar as características do sacramento do Matrimonio en relación coa Igrexa, a vida persoal e a sociedade actual.
7. Expresar e explicar as características, achegas actuais, aplicacións e relacións existentes entre a fe cristiá e a moral cristiá da sexualidade.
8. Identificar e aplicar a situacións actuais as características da autoridade e a verdade na Biblia e na Igrexa.
9. Coñecer desde as competencias clave as achegas dos cristiáns para construír a civilización do amor no mundo actual, e tomar conciencia delas.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio das competencias clave, a reflexión e interiorización de experiencias para o desenvolvemento da paz, a actitude relixiosa, o

agradecemento, a práctica da fe cristiá, a comunicación con Xesús, a poesía amorosa, a afectividade, a verdade e a espiritualidade ecolóxica.

11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de busca de sentido, éxtase relixiosa, aproveitamento do tempo, entrega persoal, namoramento, sinceridade, eternidade e salvar o matrimonio.
12. Tomar conciencia da importancia de interiorizar e practicar os valores do diálogo, fidelidade, compromiso social, crítica moral, coherencia persoal e cristiá, amor, verdade, seguir un bo mestre e cambiar o mundo.

C.- ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APREDIZAXE AVALIABLES EN RELACIÓN COAS DISTINTAS UNIDADES DA PROGRAMACIÓN.

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I. O sentido relixioso do home		
Unidade 1:As relixións: Búsqueda do sentido da vida. -Plenitude na experiencia relixiosa.. a revelación de Deus na historia	Unidade 1 1.Aprender e memorizar os principais trazos común da relixión. 2.Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á búsqueda de sentido.	Unidade 1 I.1.1 Identifica e clasifica os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. I.1.2.Busca información e presenta ao grupo respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido. I.2.1.Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. I.2.2.Analiza e debate as principais diferencias entre a revelación de Deus e as relixións.
Bloque II. A Revelación: Deus intervén na historia		
Unidade 2: A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. -A figura mesianica do servo de Yahveh.	Unidade 2 1.Recoñecer e valorar as acción de Deus fiel ao longo da historia. 2. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufrinte e o Mesías político.	Unidade 2 II.1.1. Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. II.1.2.Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus. II.2.1. Identifica, clasifica e compara os trazos do

		Mesías sufrinte e o Mesías político. II.2.2.Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.
--	--	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 3.4
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque III. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación		
<p>Unidade 3: A chamada de Xesús a colaborar con El xenera unha comunidade.</p> <p>.</p> <p>Unidade 4:A pertenza a Cristo na Igrexa todas as dimensións do ser humano.</p>	<p>Unidade 3: 1.Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa. 2.Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión.</p> <p>Unidade 4: 1.Descubrir e valorar que Cristo xenera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afetividade da persoa.</p>	<p>Unidade 3: I.1.1.Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús. I.1.2.1.Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. I.2.2.Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a Misión de Xesús.</p> <p>Unidade 4: II.1.1.Elabora xuízos a partir de tetemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e expresar a afetividade. II.1.2.Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen. II.1.3.É consciente das diferentes formas de vivir a afetividade e prefire a que recoñece como máis humana.</p>
TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades:5,6
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

Bloque IV. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa

Unidade da 5: A autoridade eclesial ao servizo da verdade.

Unidade 6: A misión do cristián no mundo: construír a civilización do amor.

Unidade 5:
1. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade.

Unidade 6:
1. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo.

4. Coñecer o testemuño de persoas que, ao longo da historia, fixeron presente o amor de Deus coa súa vida.
5. Valorar a liturxia como forma de vivir, expresar e celebrar a fe.
6. Valorar un testemuño de entrega aos demais como consecuencia da fe.

Unidade 5:
III.1.1. Identifica persoas que son autoridade na súa vida explica como reconece nelas a verdade.
III.1.2. Reconece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade polo servizo ou polo testemuño.
III.1.3. Localiza e xustifica tres acontecementos da verdade do ser humano. a historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.

Unidade 6:
III.1.1. Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción do amor.

**D.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE :
a) TEMPORALIZACIÓN, b) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E c) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

Neste apartado imos elaborar, para cada nivel desde 1º ESO ata 2º Bacharelato, unha táboa do seguinte xeito: Na primeira columna especificamos cada estándar de aprendizaxe (de agora en diante EA e co seu código correspondente) dos xa referidos no perfil competencial.

Na segunda columna especificamos a avaliación ou avaliacións nas que se vai traballar ese EA marcando cun xis.

Na terceira columna indicamos o grao mínimo de consecución do EA necesario para superar a materia.

Nunha cuarta columna aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que imos empregar para avaliar ese EA.

Nos procedementos de avaliación recolleemos todos os métodos que fan posible constar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

Os métodos agrúpamolos en catro grandes bloques: técnicas de observación sistemática, análise de producións dos alumnos, intercambios orais e probas específicas. Estes métodos, á súa vez, poden ser: Cadernos de clase escritos ou dixitais, listas de control, rexistros anecdóticos, escalas de observación, investigacións, textos, producións orais, plásticas ou musicais ou doutra natureza, tarefas de aplicación e síntese, exposición dun tema, cuestionarios, etc. Nas táboas o símbolo en forma de máis indica o procedemento mentres que o asterisco indica o instrumento de avaliación.

Nos estándares sinalaremos co número 1 os que avaliaremos no caso de ensino presencial, cun 2 os de ensino semipresencial e cun 3 os de ensino a distancia.

4º ESO					
ESTÁNDARES	1ª AV	2º AV	3º AV	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS
Identifica e clasifica os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. 1,2,3	X	X		Redacta, o máis relevante e significativo utilizando un vocabulario sinxelo, os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas axudándose de materiais audiovisuais e webs.	+Proc: Análise da produción dos alumnos. * Instr: Caderno de clase/blog.
Busca información e presenta ao grupo as respostas das diferentes relixións ás preguntas de sentido. 1	X	X		Describe e presenta ao grupo de forma básica pero clara, as respostas das diferentes relixións ás preguntas de sentido.	+Proc: Intercambios orais cos alumnos. * Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
Razona por que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. 1,2,3		X		Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles, que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	+Proc: Probas específicas * Instr: Exposición de un tema.

Analiza e debate as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións. 1	X	X		Elabora de maneira sinxela, de modo oral, as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións.	+Proc:Probas específicas *Intr: Exposición de un tema.
Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. 1,2	X	X	X	Aporta, usando pautas guiadas, o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, con argumentos escasos pero axeitados.	+Proc:Cuestionario. *Intr: Cuestionarios.
Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que reconece a fidelidade de Deus. 1	X	X		Analiza situacións elixindo a estratexia máis axeitada, para buscar o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, con axuda de textos	+Proc:Observación sistemática. *Instr:Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.
Identifica, clasifica e compara os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político. 1,2,3	X	X		Compara expresando de maneira sinxela os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político.	+Prod:Análise da produción dos alumnos. *Instr: Investigación en Internet.
Localiza, selecciona e argumenta, en textos evanxélicos, a chamada de Xesús. 1,2,3	X	X	X	Coñece e explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas, a chamada de Xesús nalgúns textos evanxélicos e na observación de obras de arte propias do ámbito escolar.	+Prod:Análise da produción dos alumnos. *Imstr: Traballo de explicación e síntese.
Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. 1,2,3	X	X	X	Relaciona e le de maneira comprensible, seguindo pautas guiadas e de forma simple, un evanxeo, identificando e describindo a misión salvífica de Xesús.	+Prod:Observación sistemática. *Instr: Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.
Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a	X	X		Escribe correctamente sobre persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	+Prod:Análise da produción dos alumnos. *Instr: Producción oral.

misión de Xesús. 1					
Elabora xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade. 1,2,3		X	X	Expresa, guiándolle, as semellanzas e diferenzas entre xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.	+Proc:Observación sistemática. *Instr: Rexistro da ausencia ou presenza dun determinado rasgo, conduta ou secuencia de accións.
Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen. 1,2,3	X	X	X	Analiza situacións elixindo a estratexia máis axeitada, para buscar o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, con axuda de textos.	+Proc:Análise da produción dos alumnos. *Instr: Valoración dos resumos.
É conscente das diferentes formas de vivir a afectividade e escolle a que recoñece como máis humana. 1,2	X	X		Aporta, usando pautas guiadas, o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, con argumentos escasos pero axeitados.	*Proc:Análise da produción dos alumnos. *Instr: Xogos de simulación e dramáticos.
Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade. 1		X	X	Recoñece, con guías, a partir da lectura, persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade.	+Proc:Probas específicas. *Instr; Proba aberta na que o alumno ten que construír as respostas.
Recoñece e valora na Igrexa as diferentes figuras que son autoridade, polo servizo e a testemuña que ofrecen. 1,2,3			X	Recoñece, con guías, a partir da lectura, persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade.	+Proc:Probas específicas *Instr:Exposición de un tema.
Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 1,2,3			X	Expresa con axuda tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	+Proc:Análise da produción dos alumnos. *Instr:Investigación en Internet.
Investiga e debate				Promove a colaboración	+Proc:Análise da

sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor. 1		X	X X	do grupo co cumprimento das normas sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta as iniciativas eclesiais que colaboran na construción da civilización do amor.	producción dos alumnos. *Instr: Investigación en Internet.
----------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	---	--------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------

E.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, cómpre optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOE e no Real decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria; nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagogía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións, son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e dos elementos que as compoñen: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación:

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o explicita o currículo:

«Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe.

A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesial.

«Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá (problemas, interrogantes, aspiracións, fracasos, necesidades, noticias...). Desde eles motívase o estudante, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

«Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc.

Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

- A) Experiencias de educación no sentido da vida.
 - B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.
 - C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.
 - D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.
 - E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.
5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinidade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinidade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.
 6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual. A clase de Relixión

Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.

7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado a ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas de forma que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.
8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou a alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é quen de desenvolver as súas competencias. Deles xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesor ou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.
9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía pechada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagogía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

Debemos darlle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e

argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro alcanzado. A avaliación obxectiva garantizará unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.
11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.
12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo: «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas un fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).
13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).

14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC: «Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da Relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que resulte útil para o estudante na busca de información ou na resolución de problemas considerados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender a dominar» (Currículo, 2015).

Adoptarase un enfoque plurimetodolóxico e globalizador para poder atender a diversidade do alumnado, seguindo os principios de actividade e participación, favorecendo o traballo individual e cooperativo e integrando en todas as actividades referencias á vida cotiá e aos intereses e motivacións do alumnado, fomentando todas as posibilidades de expresión(oral, escrita, gráfica...).

As actividades serán case na súa totalidade prácticas, Normalmente isto xa é así pero incrementaranse.

Priorizarase o traballo en equipo sempre que sexa posible. Debemos ter en conta que no ensino presencial temos que gardar unha determinada distancia e os traballos manipulativos teñen que ser individuais.

En canto aos traballos de investigación utilizando Internet no horario escolar, só se poderá facer cos cursos nos se utilice o EDIXGAI, é dicir todos os niveis da ESO . Para os bacharelatos poderíamos utilizar as aulas de informática pero este curso o centro conta con tres aulas con ordenadores pero só dúas teñen un número suficiente de ordenadores para poder levar ao alumnado de relixión e unha delas utilízase como aula de desdobre o que dificulta aínda máis a posibilidade de poder usar. Polo tanto, o traballo de investigación deberá realizarse na casa para posteriormente utilizalo na aula.

Tamén utilizaremos documentais como introdución, colofón ou ampliación de determinados temas.

O xogo tamén é importante para a aprendizaxe. Podemos utilizalo para saber os coñecementos previos do alumnado ou como actividade de avaliación.

Nalgúns temas realizaremos un debate como colofón.

Tamén durante o primeiro trimestre lembraremos ao alumnado como utilizar a Aula Virtual, sobre todo de segundo da ESO a segundo de bacharelato

F.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN EMPREGAR.

Dispondremos de diversos materiais e múltiples recursos que posibilitarán a realización das actividades programadas, tanto individuais como en grupo.

Ofreceremos múltiples posibilidades para motivar aos nosos alumnos que teñen distintas afeccións e intereses.

De igual maneira, posibilitaremos diferentes maneiras de aprender. Tentaremos levar a cabo todo aquilo que aumente o gusto polo traballo e á vez, proporciónelle información ou material adecuado para a súa aprendizaxe.

Utilizaremos as TIC's que se han de potenciar de maneira axeitada. Por iso o Centro, debe pór a disposición da área de relixión o material oportuno, así como outros materiais que o profesor facilitará aos alumnos.

Para a realización das actividades é importante que os alumnos utilicen:

- EDIXGAL en todos os cursos de ESO..
- Aula Virtual nos bacharelatos..
- Biblia Didáctica da Ed. S. M.
- Libros de consulta.
- Diccionarios enciclopédicos.
- Diccionarios de relixións.
- Libros de lectura adecuada á súa idade.
- Revistas especializadas.
- Atlas histórico.
- Atlas xeográfico.
- Mapas temáticos.
- Mapas históricos e xeográficos.
- Cartafol educativo de Mans Unidas, Entreculturas, Redes, Cáritas.
- Proxección de vídeos e filmes.
- Análise de cancións e artigos de xornais e revistas.
- Uso de recursos web de interese en Internet

G.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de avaliación serán os mesmos tanto para a ESO coma para o Bacharelato.

A cualificación **de cada avaliación** aterase ao seguinte baremo:

-50% obterase do exame realizado ao final de cada trimestre. Será cuantificado sobre 10.

-50% obterase dos traballos e as fichas entregadas pola profesora ao alumnado e realizadas na aula. Serán cuantificados sobre 10.

A media dos dous criterios será a nota de cada avaliación.

A nota final será a media das tres avaliacións.

Considerarase aprobada a materia cando a nota media sexa de 5 ou máis. Se a media é un 6, a cualificación será un Ben. Se a media é un 7 ou 8, a cualificación será un Notable. E finalmente, se a media é un 9 ou 10, a nota será un sobresaliente.

Se algún alumno/a non consegue aprobar a materia deberá realizar un exame de recuperación da avaliación que teña suspensa na segunda semana de xuño.

H.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DA ENSINANZA E A PRÁCTICA DOCENTE

A partir do traballo cos desempeños competenciais obteranse diversas evidencias de aprendizaxe, vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos portfolio de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo das distintas unidades didácticas, se planifique a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso. O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna. Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e polas alumnas.
- Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicarlos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

Os indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente serán o número de aprobados e suspensos da materia así como a comprensión dos conceptos, adquisición de destrezas e competencias clave, así como os indicadores do tratamento da diversidade no grupo, da planificación que da materia e as clases fai o profesor, da motivación do alumnado, do desenvolvemento do ensino e do seguimento desenvolvemento do ensino e do seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe mediante a autoavaliación de cada docente, explicitados en diferentes rúbricas e rexistros.

Indicadores de planificación:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.

7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

Indicadores de motivación do alumnado:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

Indicadores de desenvolvemento do ensino:

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Propón actividades grupais e individuais.

Indicadores de seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

Para revisar o desenvolvemento da programación fixéndonos nos aspectos metodolóxicos, na idoneidade dos materiais e recursos e, lóxicamente, en todo proceso de aprendizaxe, faremos un rexistro tal que a interpretación dos resultados e as modificacións necesarias (se as houbera), quedarán reflectidas nas actas da reunión de Departamento e na memoria final de curso nunha táboa como a seguinte:

Lenda: 1 – pouco/nunca 2 – poucas veces 3 – case sempre 4 – moito/sempre

PROXECTANDO					
1. A programación é clara					
2. Cumplíuse o programado para o trimestre					
3. É necesario alguna modificación na programación					
DESENVOLVEMENTO					
1. Introduzo cada novo exercicio e presento o plan de traballo explicando a súa finalidade					
2. Informo ao alumnado de cómo avalío cada exercicio					
3. Pido o material necesario para cada proposta con antelación suficiente					
Avaliación					
AVALIACIÓN					
1. Os resultados axústanse á dinámica da clase					
2. O alumnado entende cómo avalío					
3. Flexibilizo os criterios de cualificación recollidos na programación					

I.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

1. Se un alumno ten pendente a relixión católica do curso anterior e segue cursándoa valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando no primeiro trimestre o grao mínimo a alcanzar nos estándares de aprendizaxe co rendemento no actual curso. Se o alumno non acadara o grao mínimo ao longo do curso poderá optar por realizar unha proba escrita no mes de maio.

2.No caso de que o alumno non siga cursando a materia, realizará na primeira avaliación unha proba, axeitada ao grao mínimo que debe acadar . Se non a supera terá á final de curso outra proba ou entrega de traballos relacionados con dita proba.

En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno/a e a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumnado.

K.-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nesta materia non é precisa, en xeral, ningunha avaliación ao inicio de curso posto que o alumnado que elixe voluntariamente a materia acada ao rematar o curso escolar os estándares de aprendizaxe no seu grao mínimo e posúe as competencias precisas para o curso que se inicia.

Aínda así pode ser necesario, nalgún caso de alumnado que procede doutros centros ou da

Primaria, diagnosticar a situación de partida para detectar os casos nos que haxa que aplicar

medidas de atención á diversidade.

Nese caso realizarase unha proba específica a principio de curso, preferentemente na primeira

semana de outubro, que consistirá en probas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. A proba terá un carácter informativo e non terá validez

para a avaliación e cualificación de final de curso.

Modelo de proba inicial para alumnos procedentes de Primaria ou susceptibles de medidas de atención á diversidade:

1. Di o nome das cinco relixións máis importantes que hai no mundo na actualidade.

2. Pon unha característica da vida de Nazaret que máis te chamou a atención cando cha contaron.

3. Achégase a ti un compañeiro con un papel que pon: Mt 1, 1-5. A el parécelle unha marca de roupa pero ti sabes que é unha cita da Biblia. Explícalle que significa eso. É dicir, como se busca unha cita na Biblia.

4. Dos sete sacramentos que son: Bautismo, Confirmación, Eucaristía, Perdón ou Penitencia, Unción de enfermos, Orden Sacerdotal e Matrimonio, escribe:

Os que coñezas por ter asistido nalgunha igrexa a algún deles.Os que ti tes recibido ou recibes actualmente.

Lembra o que tes estudado en cursos anteriores e contesta: **señal** que se utiliza en cada un deles (por exemplo, no bautismo se utiliza como signo, a auga) e **o significado de cada un** (por exemplo, o Orden Sacerdotal serve para que un rapaz poida ser sacerdote).

5. Escribe cinco liñas sobre a vida do santo, ou santa, ou personaxe famoso, cuxo nome coincide co teu.

L.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No ensino da relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

O alumnado de calquera das problemáticas deberá amosar un mínimo interese por acadar os estándares de aprendizaxe e poñer o esforzo do que sexa capaz así como unha actitude correcta fronte á materia, ao profesorado e aos compañeiros.

Máis concretamente, por experiencia de cursos anteriores, pódense presentar os seguintes casos:

1. Alumnado inmigrante con descoñecemento do idioma.
2. Alumnado co Síndrome de Asperger.
3. Alumnado con TDH.
4. Alumnado con síndromes do espectro autista.
5. Alumnado con dificultades de comprensión.
6. Alumnado con problemas de psicomotricidade.
7. Alumnado con dificultades de visión espacial.
8. Alumnado fortemente desmotivado ou fortemente motivado.
9. Alumnado con problemáticas emocionais.

Neses casos aplicaremos as seguintes medidas:

- * Facer sentar ao alumno no lugar máis axeitado da aula dacordo ás súas necesidades psicomotrices, auditivas, visuais ou de calquera outro tipo.
- * Adaptar os criterios de corrección.
- * Tutorizalo con algún outro alumno cuxas calidades sociais e destrezas o permitan.
- * Valorar e agradecer publicamente os seus acertos e minimizar os erros.
- * Atraer e manter a súa atención e motivación con frecuentes chamadas de atención.
- * Darlle máis tempo para realizar as tarefas.
- * Empregar Internet sempre que o alumno poida usar a rede para facer traducións, realizar actividades motivadoras e correctoras ou traballar en grupo.
- * Insistir na colaboración coa Titoría, co Departamento de Orientación e coa familia nos casos máis reincidentes e incontrolables.

Estas medidas son as que o Departamento toma con respecto ao alumnado con NEAE en circunstancias normais. Este curso prestaremos especial atención a este alumnado.

Realizaremos una avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe cada mes de maneira individualizada. Isto permitirá detectar se a ensinaza está sendo a correcta e tomaranse medidas se se detecta que o alumnado non está adquirindo as competencias.

M.-CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Traballaremos neste curso os seguintes elementos transversais que son valores irrenunciáveis no ensino da Relixión Católica pero, lóxicamente, adaptándoos ás necesidades do alumnado, o desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

1. Comprensión Lectora e Expresión oral e escrita

- ✓ Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.
- ✓ escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor.

2. Comunicación Audiovisual

- ✓ Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.
- ✓ Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

3. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información

- ✓ Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.
- ✓ Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.
- ✓ Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

4. Emprendemento

- ✓ Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.
- ✓ Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.
- ✓ Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

5. Educación cívica

- ✓ Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

- ✓ Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.
- ✓ Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.
- ✓ Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.
- ✓ Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

6. Prevención de violencia

- ✓ Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- ✓ Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- ✓ Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- ✓ Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

N.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En primeiro e segundo da ESO relalizarase unha saída extraescolar á cidade de Ourense, cunha visita á catedral, casco histórico, termas e outros lugares que puideran xurdir.

Ademais realizaremos saídas pola contorna para visitar igrexias, hermidas...

Ñ.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE EVALUACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Para a recollida de información e análise de datos propoñemos o modelo de rúbrica seguinte.

	Curso anterior			Curso actual			Observación sobre o alumnado suspenso	1	2	3	4	
	Nº al	% Aprb	% sus	Nº AL	% Apro	% sus						
Resultados							Escoita con atención as explicacións e orientacións					
							Amosa dificultades de comprensión					
	Comentarios:						Amosa dificultades de psicomotricidade fina					
							Trae o material					
							Realiza os exercicios na clase					
							É autor/a dos traballos que presenta					
							Pregunta cando non entende					
							Fala a destempo e molesta aos compañeiros/as					
							1: Nunca; 2: Poucas veces; 3: Con frecuencia; 4: Sempre					
Análise da programación	Elemento						Cúmprese		Motivo polo que non se cumpriu			
							Si	Non				
	Contidos											
	Metodoloxía											
	Recursos e materiais											
	Instrumentos de avaliación											
Criterios de avaliación												
Modificacións	Elemento						Replanteamento					
	Contidos											
	Metodoloxía											
	Recursos e materiais											
	Instrumentos de avaliación											
Criterios de avaliación												

PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO

**A.-CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DE ESTÁNDARES AVALIABLES DA
MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.**

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave coas súas siglas:

- 1ª) Comunicación lingüística (CL)
- 2) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

7ª) Conciencia e expresións culturais (CEC)

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA(CCL)

Este currículo de Relixión Católica válese dos elementos cristiáns presentes na contorna do alumnado, das imaxes e símbolos, da linguaxe e outros recursos, para a comprensión da relixiosidade propia de cada etapa evolutiva. Desenvólvese así a competencia en comunicación lingüística (tanto na expresión oral como na escrita) que se serve da linguaxe que conforma a cultura e tradición que se transmite dunha a outra xeración. Ademais o ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno en relación cos estándares de aprendizaxe.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións.

APRENDER A APRENDER (AA)

O ensino da relixión contribúe fomentando a atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Fai aos alumnos protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

A relixión católica favorece o desenvolvemento de virtudes cívicas para o ben común da sociedade. Educa a dimensión moral e social da persoa, favorecendo a corresponsabilidade, a solidariedade, a liberdade, a xustiza e a caridade.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEE)

Esta competencia desenvólvese no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de si mesmo, das súas potencialidades, da súa dignidade e do seu sentido. A formación relixiosa católica aporta á devandita competencia unha cosmovisión que dá sentido á vida, á cultura e á identidade da persoa humana.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC)

A relixión católica aporta á competencia cultural e artística o significado e valoración crítica de tantas obras da nosa contorna, motivando o aprecio pola propia cultura galega e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.

COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Enmarcar as relixións, e en especial a fe cristiá, no contexto da resposta ao sentido da vida.
2. Profundizar nas relixións existentes na actualidade.
3. Descubrir o papel da Igrexa nos medios de comunicación.
4. Recoñecer como os medios de comunicación tratan á Igrexa e aos cristiáns.
5. Elaborar unha síntese dos contidos éticos da fe cristiá.
6. Responder aos problemas morais actuais dende as ensinanzas da Igrexa.
7. Elaborar unha síntese do compromiso cristián.
8. Detectar valores e contravalores da sociedade actual.
9. Analizar as dificultades que formula obrar segundo o Evanxeo no mundo actual.
10. Relacionar a cultura actual cunha visión cristiá do mundo.

B.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

1. Enmarcar as relixións, e en especial a fe cristiá, no contexto da resposta ao sentido da vida.
2. Profundizar nas relixións existentes na actualidade.
3. Descubrir o papel da Igrexa nos medios de comunicación.
4. Recoñecer como os medios de comunicación tratan á Igrexa e aos cristiáns.
5. Elaborar unha síntese dos contidos éticos da fe cristiá.
6. Responder aos problemas morais actuais dende as ensinanzas da Igrexa.

7. Elaborar unha síntese do compromiso cristián.
8. Detectar valores e contravalores da sociedade actual.
9. Analizar as dificultades que formula obrar segundo o Evanxeo no mundo actual.
10. Relacionar a cultura actual cunha visión cristiá do mundo.

C.- ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APREDIZAXE AVALIABLES EN RELACIÓN COAS DISTINTAS UNIDADES DA PROGRAMACIÓN.

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades: 1, 2
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque I. Antropoloxía cristiá		
Unidade 1: A identidade do ser humano. -O mundo actual e a cuestión bioética.	Unidade 1 1. Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade. 2. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto á vida.	Unidade 1 I.1.1. Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación "Home e muller creouos". I.2.1. Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e a fin da vida. I.2.2. Posúe argumentos para defender ou dar razóns desde a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase.
Bloque II. Doutrina social da Igrexa		
Unidade 2: A persoa, a vida, o traballo, as relacións internacionais e a economía á luz da doutrina cristiá.	Unidade 2: 1. Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida. 2. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traba-	Unidade 2: II.1.2. Descubre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo. II.2.1. Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais ou internacionais

	llo, nas relacións interpersoais e a economía.	para facer o mundo máis humano.
SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades: 3
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque III. <i>Relación entre a razón, a ciencia e a fe</i>		
Unidade 3: Aportacións dos investigadores cristiáns á ciencia e á técnica no contexto actual	Unidade3: 1.Recoñecer o valor social das aportacións realizadas por investigadores cristiáns.	Unidade3: III.1.1,Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristiá resaltando as súas aportacións ao ámbito da ciencia e a técnica
TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades: 4
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque IV. <i>A Igrexa xeradora de cultura ao longo da historia.</i>		
Unidade 4: A acción evanxelizadora da Igrexa e a promoción dos dereitos humanos. -Comprender que algunhas ceacións culturais son a expresión da fe.	Unidade 4: 1.Recoñece os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos.	Unidade 4: III.Nomea e explica situación históricas nas que a Igrexa defendeu ao home e xustifica a elección realizada. III.2.1.Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descubre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativi que permita coñecer a eses artistas.

D.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE DE :

a)TEMPORALIZACIÓN, b)GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E c)PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

4.0. Introducción

Neste apartado imos elaborar, para cada nivel desde 1º ESO ata 2º Bacharelato, unha táboa do seguinte xeito: Na primeira columna especificamos cada estándar de aprendizaxe (de agora en adiante EA e co seu código correspondente) dos xa referidos no perfil competencial.

Na segunda columna especificamos a avaliación ou avaliacións nas que se vai traballar ese EA marcando cun xis.

Na terceira columna indicamos o grao mínimo de consecución do EA necesario para superar a materia.

Nunha cuarta columna aparecen os procedementos e instrumentos de avaliación que imos empregar para avaliar ese EA.

Nos procedementos de avaliación recolleemos todos os métodos que fan posible constar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.

Os métodos agrúpamolos en catro grandes bloques: técnicas de observación sistemática, análise de producións dos alumnos, intercambios orais e probas específicas. Estes métodos, á súa vez, poden ser: Cadernos de clase escritos ou dixitais, listas de control, rexistros anecdóticos, escalas de observación, investigacións, textos, producións orais, plásticas ou musicais ou doutra natureza, tarefas de aplicación e síntese, exposición dun tema, cuestionarios, etc. Nas táboas o símbolo en forma de máis indica o procedemento mentres que o asterisco indica o instrumento de avaliación.

Nos estándares sinalaremos co número 1 os que avaliaremos no caso de ensino presencial, cun 2 os de ensino semipresencial e cun 3 os de ensino a distancia.

2º BACHARELATO					
2º 2º 2º 2º 1º 2º 2º BA CHARELATO					
ESTÁNDARES	1 AV	2 AV	3 AV	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS
Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación “home e muller os creou”. 1,2,3	X	X		Comenta oralmente con respecto os escritos alleos no intercambio de opinións sobre a afirmación “home e muller os creou”.	☞ Proc: Análise da produción dos alumnos. * Instr: Caderno de clase/blog.
Cofece e explica os diferentes problemas				Articula con marcadores textuais variados, cun léxico preciso e usa	Proc: Intercambios orais cos alumnos. * Instr: Guión de entrevista para

bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida. 1,2,3	X			con propiedade locucións e frases feitas ao escribir sobre os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida.	comunicación verbal planificada.
Posúe argumentos para defender ou dar razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase. 1	X	X	X	Razoa con argumentos simples sobre sirtacións reais ou supostas que se proponen na clase	*Proc.Cuestionario. *Cuestionarios.
Descubre e valora o sentido humanizador que ten o traballo. 1	X	X	X	A través de diversas fontes orais e audiovisuais, comparándoas entre si con exemplos sinxelos, identifica aspectos da realidade nos que descubre o sentido humanizador que ten o traballo	*Proc: Observación sistemática. *Instr: Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.
Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano. 1,2,3		X	X	Describe por escrito de forma básica, pero clara un proxecto ou solución que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	*Proc: Análise da produción dos alumnos. *Instr:Producción oral
Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián, resaltando as		X	X	Selecciona e estuda a biografía dun investigador cristián, resaltando as súas	☞ Análise da produción dos alumnos. * Xogos de simulación e dramáticos.

súas aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica. 1,2				aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica.	
Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana. 1,2,3		X	X	Posúe argumentos para defender ou dar razóns, dende a posición cristiá.	☹ Probas específicas. * Exposición dun tema.
Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalidade ao ser humano e xustifica a elección realizada. 1,2,3			X	Cualifica con vocabulario coherente, demostrando que entendeu textos, as situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalidade ao ser humano contrastándoas con outras situacións.	☹ Probas específicas. * Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnos escolla, sinale ou complete con termos pareados.

E.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Para alcanzar os obxectivos, as competencias e a aprendizaxe dos contidos, cómpre optar por unha metodoloxía que axude a alcanzar tales metas. A metodoloxía do presente proxecto de Relixión Católica baséase nos Obxectivos Xerais da LOE e no Real decreto para a Educación Secundaria Obrigatoria; nas estratexias de metodoloxía didáctica do currículo de Relixión Católica para a Educación Secundaria Obrigatoria (2015), e nas achegas específicas da Pedagogía e Didáctica Relixiosa.

Froito destas opcións, son os seguintes principios metodolóxicos desde os cales se deseñaron cada unha das unidades didácticas e dos elementos que as compoñen: obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, metodoloxía, actividades de ensinanza-aprendizaxe e avaliación:

1. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o proceso psicoevolutivo do alumnado: idade, desenvolvemento psicolóxico, social, moral, familiar e relixioso. Así o explicita o currículo:

«Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de xeito adecuado o concreto e o abstracto, o traballo individual e o grupal, o manipulativo, experiencial e visual cos aspectos conceptuais» (Currículo, 2015).

2. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión debe deseñarse e desenvolverse desde a concepción dunha aprendizaxe significativa, por competencias, e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples.

O desenvolvemento do coñecemento sobre a base de aprendizaxes significativas e de calidade, supón que o alumnado relaciona o que aprende cos conceptos que xa posúe e coas experiencias que ten. Así, dálle significado ao material que é obxecto de aprendizaxe e constrúe os seus propios coñecementos. A aprendizaxe significativa implica unha memorización comprensiva do que se aprende, supón unha reflexión crítica por parte do alumnado e comporta unha funcionalidade: o que o alumno e a alumna aprendeu sérvelle para efectuar novas aprendizaxes e enfrontarse a novas situacións. Para que se realice este tipo de aprendizaxe, o profesorado debe partir da preparación dos estudantes e dos seus coñecementos previos, o obxecto de aprendizaxe debe ser coherente e lóxico (o alumnado debe poder atribuírle significado e integralo na súa estrutura cognoscitiva) e, ademais, os estudantes deben estar motivados para realizar a aprendizaxe.

A opción dunha metodoloxía baseada nunha aprendizaxe significativa, por competencias e desde o desenvolvemento das intelixencias múltiples, leva consigo unha ensinanza da Relixión Católica «desde» e «para» a vida persoal, cidadá, social, moral, relixiosa e eclesiástica.

«Respecto pola curiosidade e inquietudes dos estudantes. Consideración dos intereses e expectativas dos estudantes, así como dos seus coñecementos previos, de maneira que se garanta unha aprendizaxe significativa» (Currículo, 2015).

3. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna, e as súas experiencias e centros de interese: as necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas, sociais, intelectuais, morais, relixiosas e de sentido á vida do alumnado. Os centros de interese son os intereses «naturais» ou «artificiais» que se utilizan no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Concrétanse nos feitos de experiencia persoal da vida cotiá (problemas, interrogantes, aspiracións, fracasos, necesidades, noticias...). Desde eles motívase o estudante, partindo da súa vida, para traballar os contidos e as competencias como respostas ás súas necesidades e experiencias.

«Respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non todos os estudantes son iguais, non todos aprenden á mesma velocidade nin utilizan as mesmas estratexias. A atención á diversidade e o desenvolvemento da inclusión comeza na asunción deste principio fundamental» (Currículo, 2015).

4. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as narracións bíblicas, os relatos sagrados das relixións, as historias da vida diaria e a

literatura. Cada unidade inclúe, en relación co bloque e cos contidos, curiosidades, datos estatísticos, noticias da actualidade, feitos cotiáns do alumnado, testemuños de persoas exemplares, contos, historias literarias e historias da Biblia e doutros libros sagrados, etc.

Esta opción produce na aula unha gran motivación debido a que utiliza a linguaxe específica da transmisión das relixións, especialmente da relixión cristiá, así como polas vantaxes que lle proporciona ao alumnado:

- A) Experiencias de educación no sentido da vida.
 - B) Promover as bases para o desenvolvemento das principais competencias e capacidades humanas.
 - C) Desenvolver ensinanzas e experiencias cognitivas, morais e afectivas sobre as principais virtudes e valores cívicos, morais e relixiosos.
 - D) Desenvolver unha cultura bíblica integral no alumnado.
 - E) Fortalecer a intelixencia espiritual e a intelixencia emocional desde a realidade persoal de cada alumno e alumna.
5. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde a interdisciplinabilidade polas súas propias características. O estudo do feito relixioso e cristián leva consigo unha relación coas diferentes áreas curriculares. Para desenvolver tal interdisciplinabilidade, diversas actividades están deseñadas para ser realizadas en colaboración con outras áreas curriculares.
6. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o diálogo da fe cristiá coas relixións e coa cultura actual. A clase de Relixión Católica deberá establecer un diálogo coa realidade relixiosa e sociocultural do ámbito, para amosar a influencia mutua entre o feito relixioso xeral e cristián e a cultura occidental. Preténdese valorar, á luz da fe cristiá, os valores, as ideas e os modelos de comportamento da cultura actual; á vez que se reinterpretarán as fórmulas, os ritos, os símbolos e os comportamentos relixiosos á luz dos valores e dos antivalores máis influentes na vida cotiá.
7. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para capacitar o alumnado a ver, xulgar e actuar sobre si mesmo, os demais, a sociedade e o medio. Por iso, diversas actividades están elaboradas de forma que o alumnado practique a metodoloxía específica que utiliza a Igrexa católica ante os problemas sociais e ambientais: ver, xulgar e actuar sobre as persoas, a sociedade e o medio para melloralos.
8. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para promover o protagonismo e a actividade do alumnado. Así, o alumno ou a alumna é o autor da súa propia aprendizaxe e é quen de desenvolver as súas competencias. Deles xorde a forza interior para desenvolver as súas capacidades, as súas intelixencias múltiples e o poder para realizarse como persoas. A función do profesor ou da profesora é facer de mediador, facilitador, orientador e guía para que o alumnado encontre os instrumentos que lle axuden a aprender a aprender e a descubrir por si mesmo.
9. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde unha pluralidade de metodoloxías e unha diversidade de actividades. Nas unidades e nos materiais complementarios conxugáronse as actividades cooperativas e de

socialización coas de individualización. Non é compatible unha metodoloxía pechada ou única baixo os principios derivados da educación personalizada, a aprendizaxe por competencias ou a pedagogía relixiosa. A metodoloxía debe ser aberta, pois cada alumno ou alumna é un mundo e cada un deles pode supoñer unha adaptación específica.

Debemos darlle moita importancia á diversidade e á inclusión de todo o alumnado na aula. Nestas idades fanse notables as súas diferenzas, as cales se van reflectir nas súas diversas capacidades, motivacións, centros de interese, graos de creatividade... Por iso, as actividades serán algunhas veces individuais e outras de parella ou grupais. Como resposta para o tratamento da diversidade, o profesorado deixará liberdade para que cada alumno poida elixir a modalidade de realización da actividade. Por exemplo, se se tratase de resumir un tema, poderase facer por medio dun mapa conceptual, dun resumo ou dunha definición coa súa explicación correspondente. Cada alumno e alumna, segundo as súas calidades e intereses, elixirá a modalidade que máis lle guste.

Entre a diversidade de materiais, técnicas e actividades máis específicas da área de Relixión, están as investigacións; os comentarios de texto; os libros de consulta; as actividades de lectura e comprensión lectora; os estudos monográficos; os traballos de campo: entrevistas, reportaxes, etc.; os xogos didácticos; os vídeos ou outros elementos audiovisuais; as mesas redondas; o uso de programas de ordenador; os coloquios; os debates; os murais ou os carteis...; a expresión corporal; os debuxos; os cómics; os comentarios de prensa; a televisión; a publicidade; a dinámica de grupos; o teatro; as actividades cooperativas; a observación da realidade; a busca de información; o manexo e interpretación da Biblia; a reflexión crítica e a exposición e argumentación respectuosa das crenzas relixiosas propias e alleas; o cine-fórum; o disco-fórum; a expresión de sentimentos; a práctica de valores; os exercicios de interioridade; as actividades TIC, etc.

Entre a diversidade de métodos que se deben utilizar na clase de Relixión están:

- O dialóxico (centrado no diálogo sobre as experiencias de vida e a aprendizaxe dos contidos).
- O indutivo (partir do particular e próximo ao alumnado para, por medio de conceptualizacións cada vez máis complexas, rematar no xeral).
- O dedutivo (partir do xeral para concluír no particular, no ámbito e na experiencia máis próxima do alumnado).
- O indagatorio (por medio da explicación e da aplicación do método científico).
- O activo (por medio da realización o alumnado da maior parte das actividades de clase).
- O explicativo (por medio das estratexias da explicación).
- O mixto (combinar nunha mesma unidade diversos métodos).

Este proceso, os métodos e as actividades deben ir acompañados por unha avaliación integral de todo e todos: unha avaliación inicial ou diagnóstica, unha avaliación continua ou formativa, e unha avaliación final ou sumativa.

«Seguimento dos criterios de avaliación educativa. Para facilitar o cumprimento destes principios metodolóxicos, aplicarase unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Ao rematar o proceso, levarase a cabo unha avaliación sumativa, de maneira que se avalíe o nivel de logro

alcanzado. A avaliación obxectiva garantizará unha valoración adecuada da dedicación, do esforzo e do rendemento de todos os estudantes» (Currículo, 2015).

10. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para a adquisición dunha síntese científica e teolóxica dos principais conceptos, procedementos e valores do feito relixioso, cristián e católico: trátase de capacitar o alumnado en opinión, información, formación e educación relixiosa xeral e católica.
11. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para que o alumnado coñeza e practique as linguaxes relixiosas e da fe cristiá: a linguaxe simbólica, a bíblica, a doutrinal, a litúrxica e a moral ou testemuñal.
12. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse para o humanismo: «Consideración da dimensión humanista. Todas as aprendizaxes estarán ao servizo da formación humana. A materia de Relixión, desde a súa clave personalizadora, require que todo tipo de aprendizaxes instrumentais, cognitivas, actitudinais e socio-afectivas non sexan consideradas un fin en si mesmas, senón que estean ao servizo da formación integral do ser humano» (Currículo, 2015).
13. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde o traballo cooperativo: «Desenvolvemento da aprendizaxe en equipo e/ou cooperativa. O estudo e a reflexión do cristianismo, pola súa intrínseca dimensión comunitaria, é unha materia adecuada para desenvolver o traballo en equipo e a aprendizaxe cooperativa» (Currículo, 2015).
14. A ensinanza-aprendizaxe da Relixión Católica debe deseñarse e desenvolverse desde as TIC: «Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da Relixión promoverá a utilización da tecnoloxía da información e da comunicación, non só dun xeito instrumental, que resulte útil para o estudante na busca de información ou na resolución de problemas considerados na clase, senón procurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais ou as ferramentas de construción e manipulación de imaxes, por exemplo, son instrumentos que permiten novas formas de expresión da cultura e da identidade persoal que hai que aprender a dominar» (Currículo, 2015).

Adoptarase un enfoque plurimetodolóxico e globalizador para poder atender a diversidade do alumnado, seguindo os principios de actividade e participación, favorecendo o traballo individual e cooperativo e integrando en todas as actividades referencias á vida cotiá e aos intereses e motivacións do alumnado, fomentando todas as posibilidades de expresión (oral, escrita, gráfica...).

As actividades serán case na súa totalidade prácticas, Normalmente isto xa é así pero incrementaranse.

Priorizarase o traballo en equipo sempre que sexa posible. Debemos ter en conta que no ensino presencial temos que gardar unha determinada distancia e os traballos manipulativos teñen que ser individuais.

En canto aos traballos de investigación utilizando Internet no horario escolar, só se poderá facer cos cursos nos se utilice o EDIXGAI, é dicir todos os niveis da ESO . Para os bacharelatos poderíamos utilizar as aulas de informática pero este curso o centro conta con tres aulas con ordenadores pero só dúas teñen un número suficiente de ordenadores para poder levar ao alumnado de relixión e unha delas utilízase como aula de desdobre o que dificulta aínda máis a posibilidade de poder usar. Polo tanto, o traballo de investigación deberá realizarse na casa para posteriormente utilizalo na aula.

Tamén utilizaremos documentais como introdución, colofón ou ampliación de determinados temas.

O xogo tamén é importante para a aprendizaxe. Podemos utilizalo para saber os coñecementos previos do alumnado ou como actividade de avaliación.

Nalgúns temas realizaremos un debate como colofón.

Tamén durante o primeiro trimestre lembraremos ao alumnado como utilizar a Aula Virtual, sobre todo de segundo da ESO a segundo de bacharelato

por parte da profesora e a resolución de dúbidas. A Aula Virtual utilizarase para que a profesora suba o contido da explicación e as actividades que deberá realizar o alumnado. Serán entregadas para a súa corrección utilizando o mesmo medio.

O alumnado de 1º ESO non utilizou estes medios durante a corentena; pero con eles a comunicación e o traballo desenvolveranse a través do Edixgal. No caso de nova corentena xa dominarán o seu uso. Utizarase tamén a plataforma Webex para a explicación e resolución de dúbidas.

F.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN EMPREGAR.

Disporemos de diversos materiais e múltiples recursos que posibilitarán a realización das actividades programadas, tanto individuais como en grupo.

Ofreceremos múltiples posibilidades para motivar aos nosos alumnos que teñen distintas afeccións e intereses.

De igual maneira, posibilitaremos diferentes maneiras de aprender. Tentaremos levar a cabo todo aquilo que aumente o gusto polo traballo e á vez, proporciónelle información ou material adecuado para a súa aprendizaxe.

Utilizaremos as TIC's que se han de potenciar de maneira axeitada. Por iso o Centro, debe pór a disposición da área de relixión o material oportuno, así como outros materiais que o profesor facilitará aos alumnos.

Para a realización das actividades é importante que os alumnos utilicen:

- EDIXGAL en todos os cursos de ESO..
- Aula Virtual nos bacharelatos..
- Biblia Didáctica da Ed. S. M.
- Libros de consulta.
- Diccionarios enciclopédicos.
- Diccionarios de relixións.
- Libros de lectura adecuada á súa idade.
- Revistas especializadas.
- Atlas histórico.
- Atlas xeográfico.
- Mapas temáticos.
- Mapas históricos e xeográficos.
- Cartafol educativo de Mans Unidas, Entreculturas, Redes, Cáritas.
- Proxección de vídeos e filmes.
- Análise de cancións e artigos de xornais e revistas.
- Uso de recursos web de interese en Internet

G.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de avaliación serán os mesmos tanto para a ESO coma para o Bacharelato. A cualificación **de cada avaliación** aterase ao seguinte baremo:

- 50% obterase do exame realizado ao final de cada trimestre. Será cuantificado sobre 10.
- 50% obterase dos traballos e as fichas entregadas pola profesora ao alumnado e realizadas na aula. Serán cuantificados sobre 10.

A media dos dous criterios será a nota de cada avaliación.
A nota final será a media das tres avaliacións.

Considerarase aprobada a materia cando a nota media sexa de 5 ou máis. Se a media é un 6, a cualificación será un Ben. Se a media é un 7 ou 8, a cualificación será un Notable. E finalmente, se a media é un 9 ou 10, a nota será un sobresaliente.

Se algún/ha alumno/a suspende unha ou máis avaliacións deberá recuperalas na semana do 15 de xuño mediante a realización dunha proba escrita.

H.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DA ENSEÑANZA E A PRÁCTICA DOCENTE

A partir do traballo cos desempeños competenciais obteranse diversas evidencias de aprendizaxe, vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos portfolio de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo

das distintas unidades didácticas, se planifique a realización e recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso. O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna. Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e polas alumnas.
- Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicarlos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

Os indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente serán o número de aprobados e suspensos da materia así como a comprensión dos conceptos, adquisición de destrezas e competencias clave, así como os indicadores do tratamento da diversidade no grupo, da planificación que da materia e as clases fai o profesor, da motivación do alumnado, do desenvolvemento do ensino e do seguimento desenvolvemento do ensino e do seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe mediante a autoavaliación de cada docente, explicitados en diferentes rúbricas e rexistros.

Indicadores de planificación:

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

Indicadores de motivación do alumnado:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.

6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

Indicadores de desenvolvemento do ensino:

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Propón actividades grupais e individuais.

Indicadores de seguimento e avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

Para revisar o desenvolvemento da programación fixéndonos nos aspectos metodolóxicos, na idoneidade dos materiais e recursos e, lóxicamente, en todo proceso de aprendizaxe, faremos un rexistro tal que a interpretación dos resultados e as modificacións necesarias (se as houbera), quedarán reflectidas nas actas da reunión de Departamento e na memoria final de curso nunha táboa como a seguinte:

Lenda: 1 – pouco/nunca 2 – poucas veces 3 – case sempre 4 – moito/sempre

PROXECTANDO					
1. A programación é clara					
2. Cumplíuse o programado para o trimestre					
3. É necesario alguna modificación na programación					
DESENVOLVEMENTO					
1. Introduzo cada novo exercicio e presento o plan de traballo explicando a súa finalidade					
2. Informo ao alumnado de cómo avalío cada exercicio					
3. Pido o material necesario para cada proposta con antelación suficiente					
Avaliación					
AVALIACIÓN					
1. Os resultados axústanse á dinámica da clase					
2. O alumnado entende cómo avalío					
3. Flexibilizo os criterios de cualificación recollidos na programación					

I.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

1. Se un alumno ten pendente a relixión católica do curso anterior e segue cursándoa valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando no primeiro trimestre o grao mínimo a alcanzar nos estándares de aprendizaxe co rendemento no actual curso. Se o alumno non acadara o grao mínimo ao longo do curso poderá optar por realizar unha proba escrita no mes de maio.

2. No caso de que o alumno non siga cursando a materia, realizará na primeira avaliación unha proba, axeitada ao grao mínimo que debe acadar. Se non a supera terá á final de curso outra proba ou entrega de traballos relacionados con dita proba.

En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno/a e a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumnado.

K.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nesta materia non é precisa, en xeral, ningunha avaliación ao inicio de curso posto que o

alumnado que elixe voluntariamente a materia acada ao rematar o curso escolar os estándares de aprendizaxe no seu grao mínimo e posúe as competencias precisas para o curso que se inicia.

Aínda así pode ser necesario, nalgún caso de alumnado que procede doutros centros ou da

Primaria, diagnosticar a situación de partida para detectar os casos nos que haxa que aplicar

medidas de atención á diversidade.

Nese caso realizarase unha proba específica a principio de curso, preferentemente na primeira

semana de outubro, que consistirá en probas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. A proba terá un carácter informativo e non terá validez

para a avaliación e cualificación de final de curso.

Modelo de proba inicial para alumnos procedentes de Primaria ou susceptibles de medidas de atención á diversidade:

1. Di o nome das cinco relixións máis importantes que hai no mundo na actualidade.

2. Pon unha característica da vida de Nazaret que máis te chamou a atención cando cha contaron.

3. Achégase a ti un compañeiro con un papel que pon: Mt 1, 1-5. A el parécelle unha marca de roupa pero ti sabes que é unha cita da Biblia. Explícalle que significa eso. É dicir, como se busca unha cita na Biblia.

4. Dos sete sacramentos que son: Bautismo, Confirmación, Eucaristía, Perdón ou Penitencia, Unción de enfermos, Orden Sacerdotal e Matrimonio, escribe:

Os que coñezas por ter asistido nalgunha igrexa a algún deles. Os que ti tes recibido ou recibes actualmente.

Lembra o que tes estudado en cursos anteriores e contesta: **señal** que se utiliza en cada un deles (por exemplo, no bautismo se utiliza como signo, a auga) e o **significado de cada un** (por exemplo, o Orden Sacerdotal serve para que un rapaz poida ser sacerdote).

5. Escribe cinco liñas sobre a vida do santo, ou santa, ou personaxe famoso, cuxo nome coincide co teu.

L.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No ensino da relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepetible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude.

En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro.

Evidentemente traballaremos parellos co diagnóstico psicolóxico e pedagóxico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica.

O alumnado de calquera das problemáticas deberá amosar un mínimo interese por acadar os estándares de aprendizaxe e poñer o esforzo do que sexa capaz así como unha actitude correcta fronte á materia, ao profesorado e aos compañeiros.

Máis concretamente, por experiencia de cursos anteriores, pódensenos presentar os

seguintes casos:

1. Alumnado inmigrante con descoñecemento do idioma.
2. Alumnado co Síndrome de Asperger.
3. Alumnado con TDH.
4. Alumnado con síndromes do espectro autista.
5. Alumnado con dificultades de comprensión.
6. Alumnado con problemas de psicomotricidade.
7. Alumnado con dificultades de visión espacial.
8. Alumnado fortemente desmotivado ou fortemente motivado.
9. Alumnado con problemáticas emocionales.

Neses casos aplicaremos as seguintes medidas:

- * Facer sentar ao alumno no lugar máis axeitado da aula dacordo ás súas necesidades psicomotrices, auditivas, visuais ou de calquera outro tipo.
- * Adaptar os criterios de corrección.
- * Tutorizalo con algún outro alumno cuxas calidades sociais e destrezas o permitan.
- * Valorar e agradecer publicamente os seus acertos e minimizar os erros.
- * Atraer e manter a súa atención e motivación con frecuentes chamadas de atención.
- * Darlle máis tempo para realizar as tarefas.
- * Empregar Internet sempre que o alumno poida usar a rede para facer traducións, realizar actividades motivadoras e correctoras ou traballar en grupo.
- * Insistir na colaboración coa Titoría, co Departamento de Orientación e coa familia nos casos máis reincidentes e incontrolables.

Estas medidas son as que o Departamento toma con respecto ao alumnado con NEAE en circunstancias normais. Este curso prestaremos especial atención a este alumnado. Realizaremos una avaliación do proceso ensinanza-aprendizaxe cada mes de maneira individualizada. Isto permitirá detectar se a ensinanza está sendo a correcta e tomaranse medidas se se detecta que o alumnado non está adquirindo as competencias.

M.-CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO QUE CORRESPONDA

Traballaremos neste curso os seguintes elementos transversais que son valores irrenunciabes no ensino da Relixión Católica pero, loxicamente, adaptándoos ás necesidades do alumnado, o desenvolvemento dos estudantes. Os elementos transversais coa súa concreción son:

1.Comprensión Lectora e Expresión oral e escrita

- ✓ Practicar constantemente estes dous elementos tanto na lectura de textos bíblicos como de documentos tanto en medios dixitais como en papel.
- ✓ escoitar, dialogar, debater e expresar con total respecto nas interaccións entre iguais e co profesor.

2. Comunicación Audiovisual

✓ Dialogar, debater e expoñer temas, xuízos e opinións, respectando as regras propias do intercambio comunicativo e procurando non ferir a sensibilidade dos demais, adquirindo unha actitude crítica construtiva ante as crenzas, ideoloxías e maneira de ser dos demais.

✓ Buscar solucións para chegar a aceptar e valorar aos demais e chegar a superar os conflitos que xorden nas relacións cotiás analizando posturas e actitudes que favorecen o vivir en paz: diálogo, aceptación, respecto, perdón.

3. Educación nas tecnoloxías da comunicación e información

✓ Tomar conciencia dos beneficios e das vantaxes que nos achega a tecnoloxía, favorecer o progreso e responsabilizarnos para que este continúe para ben da humanidade.

✓ Valorar os beneficios que achega a tecnoloxía da información e valorar todos aqueles adiantos tecnolóxicos e científicos que axudan á realización da persoa e ó benestar da sociedade.

✓ Descubrir e valorar as persoas que colaboran coa creación a través dos descubrimentos e avances tecnolóxicos e científicos.

4. Emprendemento

✓ Valorar os produtos con obxectividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

✓ Descubrir e analizar a influencia que os medios económicos teñen sobre as persoas en relación coa sociedade e tomar unha postura crítica ó respecto.

✓ Analizar feitos que fan referencia á sociedade desde unha visión cristiá. Coidar e favorecer todo o que axude a unha repartición equitativa dos bens da terra.

5. Educación cívica

✓ Descubrir os valores que xorden do Evanxeo e que comprometen o cristián a colaborar no ben da sociedade e adquirir actitudes solidarias e comprometidas.

✓ Analizar o grao de responsabilidade persoal e doutras persoas ante a familia, a sociedade, o mundo e a Creación.

✓ Recoñecer os valores éticos e morais que existen nas diversas relixións, valoralos e facer un paralelismo cos que xorden do Evanxeo de Xesús.

✓ Descubrir a maneira de colaborar xuntos na edificación da sociedade e valorar o labor da Igrexa e doutras institucións que colaboran desinteresadamente no ben dos demais.

✓ Reflexionar e analizar as causas que provocan situacións de marxinación e de inxustiza social e chegar a sensibilizarse ante as necesidades e ante os problemas dos demais.

6. Prevención de violencia

- ✓ Interesarse por coñecer, respectar e apreciar os compañeiros e compañeiras independentemente do seu sexo e da súa aparencia.
- ✓ Analizar o grao de aceptación ou rexeitamento que existe cara ás persoas de distinto sexo e buscar solucións ó respecto.
- ✓ Amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo.
- ✓ Descubrir e rexeitar as posturas extremas (machismo e feminismo) e valorar os demais indiscriminadamente.

N.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Terceiro, Cuarto, Primeiro e Segundo de bacharelato visitarán a cidade de Santiago de Compostela: a Catedral, casco histórico, facultades como a de Historia e algunha exposición.

Ademais poderán realizarse saídas pola contorna.

Ñ.- MECANISMOS DE REVISIÓN, DE EVALUACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Para a recollida de información e análise de datos propoñemos o modelo de rúbrica seguinte.

AVALIACIÓN: 1ª / 2ª / ORDINARIA XUÑO											
	Curso anterior			Curso actual			Observación sobre o alumnado suspenso	1	2	3	4
	Nº al	% Aprb	% sus	Nº AL	% Apro	% sus					
Resultados							Escoita con atención as explicacións e orientacións				
							Amosa dificultades de comprensión				
	Comentarios:						Amosa dificultades de psicomotricidade fina				
							Trae o material				
							Realiza os exercicios na clase				
							É autor/a dos traballos que presenta				
							Pregunta cando non entende				
						Fala a destempo e molesta aos compañeiros/as					

		1: Nunca; 2: Poucas veces; 3: Con frecuencia; 4: Sempre		
Análise da programacion	Elemento	Cúmprese		Motivo polo que non se cumpriu
		Si	Non	
	Contidos			
	Metodoloxía			
	Recursos e materiais			
	Instrumentos de avaliación			
	Criterios de avaliación			
Modificacións	Elemento	Replanteamento		
	Contidos			
	Metodoloxía			
	Recursos e materiais			
	Instrumentos de avaliación			
	Criterios de avaliación			

Asdo. M^a Encarnación Domínguez López
Xefa Departamento